



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O SERVIZO DE PREESCOLAR NA CASA.

Conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rábade desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“**Preescolar na casa**”, é un programa de educación con máis de trinta anos de historia e do que moitas familias deste concello se beneficiaron e benefician - entre vinte e trinta-, ten os días contados. Os cartos públicos aportados pola Administración autonómica vense diminuídos ata o extremo de que perigue a súa continuidade.

Este programa é vivo porque medra día a día coa aportación dos nenos, familias e profesionais. Cántase, xógase e apréndense recursos propios da vida. Permite gozar da crianza dos fillos ó mesmo tempo que se educan.

Sempre se fala da importancia da familia e da educación. Incluso os políticos poñen especial énfase cando falan da educación e a vinculan ó éxito.

Non se pode **mutilar** un proxecto que acadara tódolos obxectivos marcados. Acadou facilmente a socialibilidade de nenos moi pequenos. Tamén acadou vínculos e boa harmonía entre as distintas familias participantes no proxecto. É un proxecto de unión e conciliación. Une ás propias familias. Elas son as que sustentan as vidas dos seus fillos.

Neste Concello de Rábade moitas nais e pais participando en “**preescolar na casa**” aprenderon a implicarse máis nas vidas dos fillos, dándolles esa seguridade que todo ser humano necesita para medrar e enriquecerse como persoa. Non queremos que se produza a morte lenta dun programa que preserva os valores básicos da vida.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta **MOCIÓN**, para que este adopte o seguinte **ACORDO**:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DE DO EXCMO. CONCELLO DE RÁBADE

Instar á Xunta de Galicia:

**A manter as axudas a este servizo, para salvagardar a súa
continuidade, cando menos, no nivel actual.**

En Rábade a 18 de xullo de 2011

Asdo.: Miguel A. Vilar Rivas
Voceiro do PSdeG-PSOE